



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



FEDERACIÓN GALEGA
DE
ATLETISMO



I MILLA URBANA “PORTAS DE COMPOSTELA”

CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA E DE 1 KM EN RUTA 2018

A Federación Gallega de Atletismo e o Clube Atletismo Santiago organizan, co patrocinio do **Concello de Santiago de Compostela**, a **I Milla Urbana “PORTAS DE COMPOSTELA”** que terá lugar o vindeiro domingo 8 de abril do 2018, a partir de las 10:00 horas da mañán, na Praza de Galicia de Santiago de Compostela, sendo a mesma **Campionato de Galicia de Milla en Ruta absoluto e das categorías sub 18, sub 20, sub 23 e de máster, e Campionato de Galicia de 1 km en ruta das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 da tempada 2017 / 2018.**

Paralelamente celebraranse carreiras populares nas mencionadas distancias. As probas rexiranse polo seguinte:

REGLAMENTO

1. PARTICIPANTES

Poderán participar atletas federados e non federados. Nas probas de menores de 1 km haberá unha clasificación conxunta da proba. A maiores haberá as probas do Campionato de Galicia de Milla en Ruta e unha milla popular absoluta e de categoría máster.

2. CATEGORÍAS DA MILLA POPULAR

CATEGORIA	ANOS	SEXO
PREB-SUB	2011-2012	H / M
BENXAMÍN – SUB 10	2009-2010	H / M
ALEV - SUB 12	2007-2008	H / M
INF – SUB 14	2005-2006	H / M
CAD – SUB 16	2003-2004	H / M
AFECCIONADO/A	De 2002 ate máster	H / M
MASTER 1	De 35 a 45 anos	H / M
MASTER 2	De 46 anos en adiante	H / M

AS CATEGORÍAS DO CAMPIONATO DE GALICIA REXIRANSE POLO RECOLLIDO NA CIRCULAR DO CAMPIONATO

3. INSCRIPCIÓNS, PRAZO e PREZO

- ✚ CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA e DE 1 KM EN RUTA: a través da plataforma <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ate o martes anterior á proba ás 20:00 horas.
- ✚ MILLA POPULAR e CATEGORÍAS MENORES NON FEDERADAS: a través da páxina web www.carreirasgalegas.com e ate o mércores anterior á probas ás 23:59 horas.

PREZOS

- MILLAS POPULARES MASCULINA e FEMENINA **4,00 €**
- ESCOLARES e CAMPIONATOS DE GALICIA **GRATUITA**

4. HORARIOS (a criterio do xuíz árbitro poderá modificarse o horario das probas)

HORA	DISTANCIA	PROBA
10:00 h	350 m	Categoría Prebenxamín (2011-2012)
10:10 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 10 masculino e popular (2009-2010)
10:20 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 10 feminino e popular (2009-2010)
10:30 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 12 masculino e popular (2007-2008)
10:40 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 12 feminino e popular (2007-2008)
10:50 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 14 masculino e popular (2005-2006)
11:00 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 14 feminino e popular (2005-2006)
11:10 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 16 masculino e popular (2003-2004)
11:20 h	1 km	Campionato de Galicia 1km sub 16 feminino e popular (2003-2004)
11:30 h	ENTREGA DE PREMIOS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE 1 KM EN RUTA E POPULAR ESCOLAR	
12:00 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster feminino (W 35 e superior)
12:10 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino (M35-M40)
12:20 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster feminino (M-45 e superior)
12:30 h	1,609 km	Campionato de Galicia Milla máster masculino (W-45 e superior)
12:40 h	1,609 km	Milla popular feminina (2002 ata máster)
12:50 h	1,609 km	Milla popular masculina (2002 ata máster)
13:00 h	1,609 km	Milla popular máster feminina (máster 1 e 2)
13:15 h	1,609 km	Milla popular máster masculina (máster 1 e 2)
13:30 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla feminino (2002 e anteriores)
13:45 h	1,609 km	Campionato de Galicia Absoluto de Milla masculino (2002 e anteriores)
14:00 h	ENTREGA DE PREMIOS DO CAMPIONATO DE GALICIA DE MILLA EN RUTA E PROBA POPULAR	

*En cor vermello as probas populares. Os escolares das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16 participarán na mesma proba que o Campionato de Galicia de 1 km en ruta.

* Calquera atleta de categoría máster poderá correr a milla absoluta do Campionato renunciando deste xeito a correr na súa categoría máster.

5. PREMIOS

- ✓ Medallas os 3 primeiros/as clasificados/as da milla popular masculina e feminina absoluta e máster 1 e 2.
- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as de cada campionato de Galicia segundo o establecido na circular do campionato.
- ✓ Medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as populares das probas de sub 10 a sub 16.

6. DUCHAS e VESTIARIOS

INDICARASE NOS DÍAS ANTERIORES Á PROBA

7. ENTREGA DE DORSAIS

Realizarase no lugar de saída das probas (Praza de Galicia) ate 30' antes do inicio de cada proba en cuestión.

8. CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

Todo o non recollido no presente regulamento rexirase polo regulamento da FGA e RFEA en vigor para probas en ruta.

Circular dos Campionatos de Galicia na web <http://www.atletismo.gal>

9. **NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consiente expresamente que os seus datos básicos sean cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal e como establece a ley de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13 - 15008 A Coruña.

Todo participantes polo xeito de inscribirse permite que as imaxes, videos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrss e páxinas webs oficiais.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.